

1945

Unha lei franquista de 1945 determinaba que “por razóns morais e de eficacia pedagóxica” nenos e nenas debían de estar separados na escola

A ditadura franquista

A ditadura franquista puxo fin a moitas das conquistas da II República, impoñéndose un encadramento de cada grupo social nun lugar acorde coa orde e moralidade que pregoaba o sistema. Cómpre salientar:

- Abolición da Lei do Matrimonio Civil.
- Abolición da Lei do Divorcio.
- Regreso á redacción orixinaria do Código Civil de 1889.
- Institucionalización de *iure* dos roles de filla, esposa e nai (asumidos pola *Sección Femenina*), concedéndolle á familia un lugar fundamental no sostemento da “patria”.
- Estabelecemento da minoría de idade feminina en cuestións laborais, impedindo a autonomía das mulleres e reafirmando a súa dependencia dos varóns.

Foro do Traballo de 1938: “O Estado prohibirá o traballo nocturno das mulleres, regulará o traballo a domicilio e liberará á muller casada do traballo e da fábrica”

Lei de Principios do Movemento Nacional: “A comunidade nacional fúndase no home, como portador de valores eternos e na familia, como base da vida social; pero os intereses individuais e colectivos deben estar subordinados sempre ao ben común da Nación”.

Lei de 1945 (vixente até a Lei Villar Palasí de 1970): “por razóns morais e de eficacia pedagóxica” nenos e nenas debían de estar separados na escola, con idearios educativos diferenciados. No artigo 20 desta norma sinalábase que a educación primaria masculina orientaría aos alumnos, segundo a súa valía, para a formación intelectual ou para a vida profesional na industria, no comercio ou nas tarefas agrícolas. Pola contra, a educación primaria recibida polas alumnas orientaríaas para a vida no fogar, a artesanía e as industrias domésticas.

Código Penal de 1944: supuxo un enorme retroceso na consideración xurídica das mulleres, reiterando a súa subordinación á vontade dos homes e a súa responsabilidade na salvagarda da moral católica.

Deste xeito, reincorporábase o denominado “uxoricidio por causa de honor” (vixente até a Lei 79/1961 do 23 de decembro), abolido polo réxime republicano, polo que un home podía dar morte ou lesionar a súa esposa se fose sorprendida cometendo adulterio ou as súas fillas menores de vinte e tres anos se aínda vivisen no fogar paterno.

Tamén, existía unha dupla consideración da moralidade coa reincorporación do **delito de adulterio**, penado para as mulleres en todos os casos e para os homes só cando “o marido tivera manceba dentro da casa conxugal ou notoriamente fóra dela”.



1961

Até 1961 un home podía dar morte ou lesionar a súa esposa se fose sorprendida cometendo adulterio



Elvira Bao Maceiras
Mestra represaliada polo réxime franquista



Placeres Castellanos
Guerrilleira nas brigadas francesas de loita contra os nazis



María Araújo
Guerrilleira antifranquista e loitadora pola liberdade e contra a inxustiza social



Isabel Ríos
Militante do partido comunista encarcerada polo franquismo



Enriqueta Otero,
Guerrilleira encarcerada polo franquismo



Sebastiana Vitales
Activista anarquista prisioneira e exiliada

